



# **Informe de necesidade e idoneidade do contrato e insuficiencia de medios**

## **Subministración e Cesión de Dereitos de Uso para a plataforma SIEM (Security Information and Event Management), en modalidade SaaS da ferramenta Splunk ou equivalente**

CPV 48730000-4

Paquetes de software de seguridade

Xullo, 2024

## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>Órgano de contratación</b>	<b>1</b>
<b>2</b>	<b>Expediente e características</b>	<b>1</b>
<b>3</b>	<b>Consideracións legais</b>	<b>1</b>
<b>4</b>	<b>Características da Licitación</b>	<b>1</b>
4.1	Obxecto do Contrato	1
4.2	División por lotes	2
4.2.1	Xustificación .....	2
4.2.2	Idoneidade do obxecto da licitación para satisfacer a necesidade .....	3
4.3	Reserva de lotes a centros especiais de traballo e empresas de inserción laboral	4
4.4	Insuficiencia de medios	4
4.5	Réxime económico	5
4.5.1	Orzamento base de licitación.....	5
4.5.2	Valor estimado del contrato .....	5
4.5.3	Proceso de xustificación de prezo .....	5
4.5.4	Expediente de tramitación anticipada .....	7
4.5.5	Distribucións anuais .....	7
4.5.6	Prezo .....	7
4.6	Duración do Contrato	7
4.7	Esixencia de garantía provisional	7
4.8	Procedementos de adxudicación	7
4.9	Clasificación e solvencia económica e financeira, técnica ou profesional	7
4.9.1	Solvencia económica e financeira .....	7
4.9.2	Solvencia técnica ou profesional .....	8
4.10	Criterios de adxudicación	8
4.10.1	Criterios non avaliados de xeito non automática (baseados nun xuízo de valor) .....	8
4.10.2	Criterios avaliados de xeito automática .....	8
4.10.3	Criterios de desempate .....	10
4.10.4	Xustificación da idoneidade dos criterios.....	10
4.11	Condicións especiais de execución de carácter social, ético, ambiental ou doutra orde	11
4.11.1	Terán a consideración de condicións especiais de execución deste contrato, nos termos do artigo 202 LCSP, as seguintes: .....	11
4.11.2	Estas condicións especiais de execución terán o carácter de obrigas contractuais esenciais para os efectos sinalados no artigo 211.1.f) LCSP. ....	13
4.11.3	Estas condicións especiais de execución que forman parte do contrato serán esixidas igualmente a tódolos subcontratistas que participen na súa execución. ....	13
4.12	Modificacións previstas	13
4.13	Réxime de penalidades	13
4.14	Condicións contractuais de carácter esencial	14

## 1 Órgano de contratación

O presidente do Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións para a xestión universitaria (Consorcio CIXUG) de conformidade co disposto no artigo 22 dos seus estatutos.

## 2 Expediente e características

<b>Expediente</b>	<b>CX-24-02</b>
<b>Cualificación do contrato</b>	Subministración
<b>Procedemento de adxudicación</b>	Aberto
<b>Contrato suxeito a regulación harmonizada</b>	<b>Si</b>
<b>Financiado con Fondos Europeos</b>	Non

## 3 Consideracións legais

1. Resulta de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español, as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como as disposicións que a desenvolven. Son de aplicación con carácter supletorio as demais normas de dereito administrativo e, se é o caso, as normas de dereito privado.
2. Este informe emítese co obxecto de xustificar a necesidade e idoneidade da contratación á que se fixo referencia con anterioridade, así como a insuficiencia de medios, todo iso ao abeiro do disposto nos artigos 28 e 116 da LCSP.

## 4 Características da Licitación

### 4.1 Obxecto do Contrato

O obxecto do contrato consiste na subministración e cesión de dereitos de uso do actual **tenant de Splunk Cloud Platform ou equivalente** para as tres universidades públicas (Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo) do Sistema universitario galego (en adiante SUG) a través do Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (en adiante CIXUG).

Esta licenza deberá contar cun mínimo de **10 unidades SVCs (Splunk Virtual Compute)**, capacidade para recibir e procesar **150 GBytes diarios** e ofrecer **13.500 GBytes de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Searchable (DDAS)** e **41.500 GBytes de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Archive (DDAA)**.

A duración da licenza será de **2 anos, con posibilidade de prórroga** segundo os termos do PCAP. A solución, entregada en **formato SaaS** nativo polo fabricante, será dedicada e exclusiva para o **SUG, sen compartir con outros clientes**. O licitante deberá incluír o SLA de dispoñibilidade da plataforma e asegurar a conservación de todos os datos existentes na instancia actual.

Ademais, subministrárase licenza de uso do **software Cribl Stream, en cada universidade**, e levaranse a cabo as tarefas necesarias de **administración e mantemento dos servidores e do software on premise que sexan necesarios**.

## 4.2 División por lotes

Non.

### 4.2.1 Xustificación

As universidades públicas galegas contan cunha gran cantidade de sistemas informáticos e de comunicacións para a prestación dos servizos telemáticos que ofrecen. Cada un destes sistemas xera numerosos rexistros de auditoría, tamén denominados eventos ou logs, que indican os feitos relevantes de cada un dos procesos que executan.

Habitualmente estes rexistros almacénanse no propio sistema que os orixina que, na maior parte de casos, non adoita ofrecer pechamentos para a explotación masiva desta información.

Existe, por tanto, unha clara necesidade de centralizar o almacenamento destes rexistros para facilitar a súa protección, explotación e análise xa sexa en tempo real ou a posteriori, dunha forma sinxela e eficiente.

Por outra parte, a análise continua e automatizada dos eventos que os sistemas xeran, unido a outra información que se poida incorporar de fontes externas, é imprescindible para detectar, no menor tempo posible, anomalías que puidesen derivar nun incidente de seguridade.

No ano 2023 as tres universidades públicas galegas, Universidade da Coruña (UDC), Universidade de Santiago de Compostela (USC) e Universidade de Vigo (UVigo), asinaron un convenio de colaboración para "a execución do proxecto UniSoC (deseño e implantación dun servizo de xeración de indicadores de compromiso para prevención de ciberataques), financiado polo Real decreto 641/2021, do 27 de xullo, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas españolas para a modernización e dixitalización do sistema universitario español no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea "NEXT XERATION EU".

O proxecto UniSOC plasmouse na adopción dunha plataforma SIEM, composta por unha instancia de Splunk Cloud Platform e unha instancia de Splunk heavy forwarder e outra de Cribl Stream despregadas en cada unha das tres universidades.

Con posterioridade contratouse unha asistencia técnica para a análise de alertas xeradas pola dita plataforma SEM.

Durante a reunión do Consello de Goberno do Consorcio CIXUG, celebrada o día 5 de decembro do 2023, acordouse por unanimidade que, para poder dar continuidade ao proxecto, trasladaríanse as iniciativas de licitación, contratación e administración ao Consorcio desde a Universidade da Coruña cara a o CIXUG, xestionando a contratación final antes do 1 de xaneiro do 2025, data cando se iniciaría o servizo cos provedores adxudicatarios da licitación a través do CIXUG.

#### 4.2.2 Idoneidade do obxecto da licitación para satisfacer a necesidade

A plataforma SIEM do proxecto UniSOC está baseada na solución Splunk Cloud Platform. O despregamento desta solución realizouse mediante a contratación, a través dun procedemento aberto, dun proxecto de subministración de licenzas e consultaría para a implantación desta ferramenta.

Esta implantación requiriu, máis de 700 horas de traballo de consultores externos e 300 horas de persoal das universidades participantes. As tarefas que máis recursos consumiron: o despregamento de axentes de Splunk en máis de 100 servidores, a provisión e configuración de tres servidores on premise co software de Splunk para a recolección de logs e o envío posterior á nube do fabricante, a integración con ferramentas de ciberseguridade das universidades e o desenvolvemento de casos de uso, tales como cadros de mando ou alertas de correlación.

De cambiar a solución tecnolóxica, estes equipamentos e configuracións deberán ser modificados novamente, retirando os actuais axentes instalados nos servidores operativos dentro dos centros de cómputo das tres universidades, o que suporía tamén, de múltiples interrupcións do servizo prestado polas universidades á comunidade universitaria a través das aplicacións instaladas nos ditos servidores. Todo o traballo de persoalización de consultas e vistas, que facilita unha mellor visualización da información despregada e unha toma de decisións máis áxil, tamén se perderá. Isto traerá como consecuencia a necesidade de incorporar moitas horas de traballo adicional para realizar as ditas configuracións na nova plataforma.

Cómpre destacar que se impartiron cinco cursos de formación da ferramenta, para 40 persoas, totalizando unhas 240 horas de formación, que tamén se perderán e que deixarán ao persoal técnico sen a formación adecuada para interactuar coa plataforma por varios meses mentres esta formación, para a nova plataforma se realiza e o persoal técnico recupera a actual pericia nas ferramentas actuais na nova plataforma.

A adopción dunha solución distinta obrigaría a refacer todo o traballo anteriormente exposto, o cal xeraría dificultades técnicas de uso e mantemento totalmente desproporcionadas. Tamén hai que considerar que o prazo de despregamento dunha solución distinta á actual sería de seis meses, polo menos, e que durante este tempo a capacidade de detección de ciberataques, que actualmente está operativa, estaría moi limitada.

A instalación dun novo produto deixará ás universidades do sistema SUG sen o **servicio de detección de eventos, alarmas e incidencias de seguridade desde o momento de culminación do actual contrato o 31 de decembro do 2024, ata a posta en servizo da nova solución, que, no mellor dos casos, non será menor a seis meses e que deixará a toda a plataforma de informática do Sistema SUG nun alto risco de ser atacada**. Se un ataque de ciberseguridade non é detectado nos sistemas informáticos, as consecuencias poden ser graves e variadas:

- **Perda de datos:** Os atacantes poden roubar, modificar ou eliminar datos críticos, o que pode resultar na perda de información valiosa e confidencial.
- **Interrupción de servizos:** Os sistemas poden ser bloqueados ou secuestrados, o que interrompe as operacións normais e pode causar atrasos significativos nas actividades diarias.
- **Danos económicos:** As universidades poden afrontar grandes perdas financeiras debido a rescates exixidos polos atacantes, así como os custos asociados coa recuperación e reparación dos sistemas afectados.
- **Dano á reputación:** A confianza das persoas usuarias e socios pode verse afectada negativamente, o que pode ter un impacto duradeiro na reputación da organización.
- **Compromiso da seguridade:** Os atacantes poden obter acceso non autorizado a información confidencial, o que pode pór en risco a seguridade da organización e os seus usuarios.

Por todo o anteriormente descrito, xustifícase a súa prescrición dos mesmos produtos ós que se están empregando actualmente.

#### **4.3 Reserva de lotes a centros especiais de traballo e empresas de inserción laboral**

Non.

#### **4.4 Insuficiencia de medios**

Nin o CIXUG nin as universidades do SUG, dispoñen dos medios necesarios nin do persoal coa especialización imprescindible para cubrir os servizos requiridos coas garantías necesarias.

Faltan, ademais, as ferramentas de traballo propias para desenvolver estes servizos. Para os efectos de idoneidade do obxecto e contido do contrato, as necesidades que se pretenden cubrir son as que se indican expresamente neste documento e no prego de prescricións técnicas.

#### 4.5 Réxime económico

##### 4.5.1 Orzamento base de licitación

Importe de licitación	Tipo IVE aplicable: 21%	Orzamento base de licitación
IVE excluído	Importe IVE	IVE incluído
<b>241.800,00 €</b>	<b>50.778,00 €</b>	<b>292.578,00 €</b>

##### 4.5.2 Valor estimado del contrato

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	Detalles
Importe de licitación (IVE excluído)	<b>241.800,00 €</b>
Incremento de unidades de execución	Non aplica
Importe das modificacións previstas (IVE excluído).	<b>48.360,00 €</b>
Importe dos premios ou primas pagadoiros aos licitadores (IVE excluído)	Non aplica
Importe das opcións eventuais (IVE excluído)	Non aplica
Prórroga (IVE excluído)	<b>120.900,00 €</b>
<b>Total, Valor Estimado</b>	<b>411.060,00 €</b>

##### 4.5.3 Proceso de xustificación de prezo

###### Fonte de datos

Para o cálculo do prezo estimado, consideráronse os prezos unitarios das licenzas solicitadas, segundo as propostas dos licitadores do expediente de contratación inicial do



proxecto UniSOC:

- **Expediente UDC-2022-0023:** Implantación dunha xeración de xestión de eventos e información de seguridade (Security Information and Event Management, en diante SIEM) en modalidade Software as a Service (SaaS), que proporcione servizo ás tres universidades públicas galegas. (<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=805438&lang=gl>)
- Segundo estas propostas, os custos que serven de base para o cálculo do valor estimado do contrato son os seguintes:
  - Licenzas: 180.000 €
  - Ampliación de licenzas: 38.800 €
  - Soporte e mantemento de equipamento e software on premise: 20.000 €
  - Formación: 3.000 €
- Os importes anteriores no seu conxunto suman a cantidade de 241.800,00 € que coincide co importe da actual licitación.

A vixencia destes prezos foi debidamente actualizada.

Universidades SUG	Estimado Sen IVE	Total
A Coruña	40.300,00 €	40.300,00 €
Santiago de Compostela	40.300,00 €	40.300,00 €
Vigo	40.300,00 €	40.300,00 €
<b>Total</b>	<b>120.900,00 €</b>	<b>120.900,00 €</b>

Pola xustificación e argumentación anterior, o prezo deste contrato fixouse a tanto alzado, partindo de proxeccións de prezos de mercado para o produto de software a contratar, e comprende a totalidade dos gastos aos que haberá que facer fronte ao adjudicatario tanto para atender a subministración en si mesmo, como para a súa instalación no caso de licenzas en rede, así como para o aseguramento dos traballos de soporte, incluída a parte correspondente a beneficios e gastos xerais. Polo tanto, o sistema de determinación do prezo, para efectos do seu aboamento polo contratista, é de tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 309 da LCSP.



#### 4.5.4 Expediente de tramitación anticipada

Condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os anos 2025, 2026 e 2027.

#### 4.5.5 Distribucións anuais

Distribución de Anualidades	Total, sen IVE
Anualidade 2025	120.900,00 €
Anualidade 2026	120.900,00 €
Anualidade 2027	120.900,00 €
<b>Total</b>	<b>362.700,00 €</b>

#### 4.5.6 Prezo

Tivéronse en conta adxudicacións similares doutros organismos públicos e cotizacións de empresas do sector para o servizo solicitado.

### 4.6 Duración do Contrato

Dous anos máis unha posible prórroga, contado desde a data de formalización do contrato.

### 4.7 Esixencia de garantía provisional

Non se exige.

### 4.8 Procedementos de adxudicación

Tramitación ordinaria.

A adxudicación deste procedemento realizarase mediante procedemento aberto de conformidade co previsto nos artigos 131, 156 e 158 da LCSP. Todo iso co obxecto de garantir a publicidade, concorrencia, igualdade e transparencia.

### 4.9 Clasificación e solvencia económica e financeira, técnica ou profesional

#### 4.9.1 Solvencia económica e financeira

#### Solvencia esixida

Considerarase solvente o licitador que declare que o ano de maior volume anual de

negocios, dos tres últimos anos concluídos, é igual ou superior ao orzamento base de licitación multiplicado por 1,5.

#### 4.9.1.1 Xustificación do criterio establecido

Garantir a adxudicación do contrato a unha empresa solvente, con recursos suficientes e capacidade económica e financeira para executar o contrato ata a súa finalización.

#### 4.9.2 Solvencia técnica ou profesional

##### Solvencia esixida

A solvencia técnica acreditarase mediante a achega dun mínimo de 5 contratos, iguais ou similares. No caso de que o contratista sexa unha empresa de nova creación, acreditarase conforme o establecido no artigo 89.1.h) da LCSP.

#### 4.9.2.1 Xustificación do criterio establecido

Garantir que os licitadores contén coa experiencia suficiente en canto á capacidade técnica e volume de traballo nas prestacións obxecto do contrato e nos termos que establece consorcio CIXUG no prego de prescricións técnicas.

### 4.10 Criterios de adxudicación

#### 4.10.1 Criterios non avaliados de xeito non automática (baseados nun xuízo de valor)

##### 4.10.1.1 Criterio B.1: 20 puntos

Valorarase a adecuación da metodoloxía proposta ao contorno do proxecto. Que se considere que esta metodoloxía poida contribuír á consecución dos obxectivos indicados no PPT, especificamente a Administración da Plataforma SEM, a Consultaría e Formación e o Soporte e Mantemento. Valorarase tamén a concreción na exposición e a ausencia de ambigüidades da proposta técnica.

##### 4.10.1.2 Criterio B.2: 10 puntos

Equipo de traballo: valorarase a súa formación, experiencia e certificacións nas solucións solicitadas no PPT, sempre e cando se superen as mínimas establecidas como criterios de solvencia.

#### 4.10.2 Criterios avaliados de xeito automática

##### 4.10.2.1 Criterio C.1: Oferta Económica

Hasta un máximo de 40 puntos:

$$P_v = \left[ 1 - \left( \frac{O_v - O_m}{IL} \right) \times \frac{1}{M} \right] \times P$$

.. Onde:

- $P_v$  = Puntuación oferta valorada
- $O_v$  = Oferta a valorar (en euros)
- $O_m$  = Mellor oferta (en euros)
- $IL$  = Importe da licitación
- $M$  = Factor de Modulación = 1
- $P$  = Puntuación máxima = 40

O Factor de Modulación para esta licitación será de 1 (Un).

#### 4.10.2.2 Criterio C.2: Cantidad de SVC (Splunk Virtual Compute) ofertados

Ata un máximo de 5 puntos:

- Fórmula: Puntos =  $20 \times (N-10) / 10$
- Onde N= cantidade total de SVC ofertados

#### 4.10.2.3 Criterio C.3: Espazo de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Searchable (DDAS) ofertado.

Ata un máximo de 10 puntos:

- Fórmula: Puntos =  $10 \times (GB-13.500) / 13.500$
- Onde GB= cantidade total de Gigabytes ofertados de almacenamento DDAS

#### 4.10.2.4 Criterio C.4: Espazo de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Archive (DDAA) ofertado.

Ata un máximo de 10 puntos:

- Fórmula: Puntos =  $10 \times (GB-41.500) / 41.500$
- Onde GB= cantidade total de Gigabytes ofertados de almacenamento DDAA

#### 4.10.2.5 Criterio C.5: Mellora nos tempos de incidentes

Ata un máximo de 5 puntos:

- Fórmula:  $P = (12 - T_c) + 0,05 (96 - T_{nc})$
- Onde:
  - $T_c$ : tempo de resolución obxectivo ofertado para incidentes críticos, expresado en horas
  - $T_{nc}$ : tempo de resolución obxectivo ofertado para incidentes non críticos, expresado en horas

#### 4.10.3 Criterios de desempate

No suposto en que se produza un empate entre dúas ou máis ofertas, para os efectos de liquidar o dito empate, a proposta de adxudicación realizarase a favor da empresa licitadora que acredite as circunstancias seguintes e pola orde establecida a continuación:

- a) Número de persoas traballadoras con discapacidade superior ao 2 por 100 nos termos do artigo 142.1 a) da LCSP, así como conforme o previsto no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de que varias empresas se encontren nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do contrato a licitadora que acredite maior porcentaxe de persoas traballadoras fixas discapacitadas no seu cadro de persoal.
- b) Acreditación da implantación dun plan de igualdade conforme o establecido na normativa reguladora destes.
- c) Acreditación da obtención da marca galega de excelencia en igualdade conforme o artigo 111 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
- d) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.
- e) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.
- f) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

#### 4.10.4 Xustificación da idoneidade dos criterios

A xustificación dos diversos criterios de adxudicación é a que se recolle a continuación:

##### 3. Metodoloxía do servizo (20 puntos).

É preciso recibir ofertas claramente estruturadas e cunha organización das actividades orientada a garantir o mellor cumprimento dos obxectivos establecidos nos pregos que rexen esta contratación.

Debido á relevancia desta subministración para as universidades integrantes do SUG, é fundamental que os licitadores indiquen dunha forma e detallada a súa metodoloxía de xestión xa que se trata dunha subministración onde todos os seus recursos deberán estar ben coordinados e cunha participación activa de relación con outros grupos de traballo, tanto de administradores de sistemas como con outros perfís doutros grupos de negocio.

De aí que sexa imprescindible que neste apartado se indique claramente como se

van organizar os procesos, detallando a planificación dos mesmos sobre as tarefas de organización e coordinación, tanto interna como con outros grupos transversais

De igual xeito será necesario, de ser o caso, describir as propostas de mellora tendo en conta o comentado anteriormente, xa que o traballo aportado por este grupo non pode considerarse independente e illado do resto de actividades, procesos e metodoloxías do resto das actividades das universidades. Así, a importancia deste apartado é elevada xa que procúrase determinar tanto as tarefas a realizar para a axeitada subministración obxecto de contratación e a súa debida integración nunha organización complexa.

#### 4. Formación e capacitación do persoal

Este criterio fomenta a competencia técnica do subministro a prestar dada a especialidade do mesmo xa que se trata en definitiva que a subministración sexa realizado por persoal altamente cualificado co obxectivo de evitar prexuízos que poidan xurdir na instalación e, en particular, na súa debida integración cos sistemas actualmente existentes na universidade.

#### 5. Prezo

Outro elemento de valoración é o prezo ofertado polos licitadores. É relevante preténdese obter o mellor prezo posible pero sempre que se respecte a calidade exixible e desexada para a prestación do Servizo.

#### 6. Melloras no almacenamento, número de unidades e tempos de resposta ante posibles incidencias.

Considera axeitado nesta subministración valorar o incremento de unidades de execución establecidas como mínimas nos pregos e que redunden en definitiva na prestación dun mellor Servizo a toda a comunidade universitaria. Asemade, tamén se considera axeitado, atendendo ao tipo de subministración, unha rápida resposta ante as incidencias que poidan xurdir, de aí que se valore a redución dos tempos de resposta ante posibles incidencias.

### 4.11 Condicións especiais de execución de carácter social, ético, ambiental ou doutra orde

4.11.1 Terán a consideración de condicións especiais de execución deste contrato, nos termos do artigo 202 LCSP, as seguintes:

#### 4.11.1.1 Protocolo fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo

g) O adxudicatario deberá contar e aplicar un protocolo de prevención e de actuación fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo ou por orientación sexual no ámbito de desenvolvemento do contrato.

h) Este protocolo deberá ser presentando ao tempo da formalización do contrato.

#### 4.11.1.2 Accións de prevención de riscos laborais e da saúde laboral desde a perspectiva de xénero.

- a) O adxudicatario obrígase a incluír nas accións de prevención de riscos laborais e de saúde laboral a perspectiva de xénero.

Co obxecto de acreditar a condición anterior, no momento da finalización do contrato o contratista deberá presentar unha memoria xustificativa do seu cumprimento.

#### 4.11.1.3 Adscrición á execución do contrato dos medios indicados na oferta

O equipo técnico que deberá ser incorporado trala formalización do contrato para a execución dos traballos deberá estar formado polos compoñentes e perfís relacionados na oferta adxudicataria e consecuentemente valorados e de acordo co compromiso e a adscrición efectiva de medios persoais e materiais.

No caso de modificación ou substitución de recursos, deberá comunicalo previamente ao responsable do contrato coa antelación necesaria e, en calquera caso, polo menos con 10 días naturais de antelación á realización do cambio de recurso, o responsable do contrato aprobará ou rexeitará a dita modificación ou substitución. En todo caso, o substituto ou substitutos terán un perfil igual ou superior ao ofertado ou ao recurso que se vai substituír.

Tramitarase o seguinte procedemento de substitución:

- b) Notificación por escrito ao responsable do contrato da substitución con detalle dos motivos que a orixinan.
- c) Anexo á notificación anterior en que se achegará un CV da persoa substituta con detalle da súa cualificación.
- d) Aceptación da persoa substituta por parte do responsable do contrato.

O órgano de contratación poderá solicitar o cambio dos recursos asignados á execución do contrato por inadecuación ou por incumprir os requisitos tanto de solvencia como técnicos esixidos, ou ter declarado o contratista unhas circunstancias que non son veraces podendo, nese caso, proceder a resolución do contrato.

#### 4.11.1.4 Condicións en relación coas condicións laborais mínimas

Constitúe condición esencial de execución o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, seguridade social e seguridade e saúde no traballo que sexan aplicables ás persoas traballadoras vinculadas á execución do contrato.

Será obriga da entidade contratista en relación co persoal que executará o contrato, o aboamento do salario e cumprir as condicións de traballo establecidas polo último convenio colectivo aplicable do ámbito máis inferior existente no sector en que se encadra a actividade do contratista, salvo que teña recoñecidas outras condicións mellores a título individual ou por outros convenios e/ou pactos de empresa que sexan de aplicación.

A empresa contratista comprométese a facilitar, durante a execución do contrato, toda a información que lle requira polo órgano de contratación sobre as condicións de

traballo que se apliquen efectivamente ás persoas traballadoras que realicen a actividade obxecto do contrato.

#### 4.11.1.5 Fomento de accións que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar

O contratista deberá establecer medidas que favorezan a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das persoas traballadoras que leven a cabo a execución deste contrato.

#### 4.11.1.6 Condicións con relación á subcontratación

En caso de subcontratación, o contratista asume a total responsabilidade da execución do contrato fronte a CIXUG de acordo co previsto nos pregos e no contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia social e laboral.

O contratista deberalle comunicar ao órgano de contratación a subcontratación que pretenda levar a cabo de conformidade co disposto no artigo 215 da LCSP.

4.11.2 Estas condicións especiais de execución terán o carácter de obrigas contractuais esenciais para os efectos sinalados no artigo 211.1.f) LCSP.

4.11.3 Estas condicións especiais de execución que forman parte do contrato serán esixidas igualmente a tódolos subcontratistas que participen na súa execución.

### 4.12 Modificacións previstas

Por necesidades sobrevidas que poidan ter as tres universidades, poderase proceder á adquisición de novas licencias durante a vixencia do contrato das seguintes licencias:

- Ata un máximo de 5 Bloques de 1 SVC
- Ata un máximo de 10 Bloques de 500 GB de almacenamento DDAS
- Ata un máximo de 20 Bloques de 500 GB de almacenamento DDAA

Este contrato poderase modificar por razóns de interese público cando sexa necesario para darlles cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria. Estas modificacións poderán ter por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Todo iso de conformidade co disposto no artigo 204 da LCSP.

### 4.13 Réxime de penalidades

Nesta contratación establécense penalidades para os seguintes incumprimentos:

1. Prazos de execución.
2. Cumprimento defectuoso ou incumprimento parcial das prestacións.
3. Compromiso de adscrición de medios ao contrato.
4. Condicións especiais de execución.
5. Obrigas establecidas en materia de subcontratación.
6. Compromisos asumidos a través da oferta que se tomaron en consideración como criterio de valoración.



7. Obrigas en materia ambiental, social ou laboral recollidas nos pregos.

#### **4.14 Condicións contractuais de carácter esencial**

As condicións contractuais esenciais serán todas aquelas cuxo incumprimento poida xustificar a resolución do contrato.

Santiago de Compostela, á data da asina electrónica,

---

**D. Antonio López Díaz**  
**Presidente**